

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO 2025 (ARTIGO 37 RD 424/2017). DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

I. INTRODUCCIÓN

I.1. Normativa aplicable

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.
- Resolución de 2 de abril de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as Instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura, e formato do informe resumo, así como a solicitude de informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de informes contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.
- Bases de Execución do Orzamento Provincial – exercicio 2025.

I.2. Consideracións xerais.

Segundo o disposto no artigo 213 parágrafo terceiro do Real Decreto Legislativo 2/2004, os órganos interventores das Entidades Locais remitirán con carácter anual á Intervención Xeral do Estado un informe resumo dos resultados do exercicio das funcións de control interno, nas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente, e función de control de eficacia. Dita remisión efectuarase no prazo e co contido que regule nas normas aprobadas polo goberno estatal.

De conformidade co disposto no artigo 37 do RD 424/2017, o informe resumo dos resultados de control interno elaborárase con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, con dación de conta ao Pleno e remisión á IGAE no primeiro cuadrimestre do ano.

No apartado terceiro, o referido precepto sinala que a Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumo e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das entidades locais.

No BOE nº 96, de data 6/04/2020, publícase a Resolución de 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as Instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura, e formato do informe resumo, así como a solicitude de informe previo á resolución de



discrepancias e a remisión de informes contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

II. ALCANCE DO INFORME RESUMO

II.1. Función interventora.

II.1.1. Función interventora na modalidade de fiscalización e intervención previa.

No que atinxe á función interventora, o Informe da Intervención esixido polo artigo 210.3 do TRLRFL sinala que, durante o exercicio 2025 emitíuse **un (1) informe de reparo** por limitación das facultades de fiscalización da Intervención respecto de varios expedientes de concesión de axudas sanitarias no que a Intervención se veu restrinxida, de acordo coas limitacións impostas por Resolución presidencial, no acceso á totalidade de documentación obrante nos expedientes, particularmente ao informe facultativo regulado como requisito necesario para a obtención da axuda.

EXPEDIENTES SUSPENSIVOS AXUDAS SANITARIAS								
2024081447	2024081439	2024080176	2024054960	2024083556	2024026611	2024042827	2024053875	2024043857
2024030491	2024007617	2024069340	2024050516	2024059218	2024029772	2024083323	2024018139	2024078287
2024036180	2024015088	2024034093	2024083823	2024081431	2024063758	2024039978	2024059702	2024076268
2024048285	2024020427	2024027634	2024072852	2025001223	2024054598	2024006038	2024008655	2024019715
2024050760	2024029466	2024065139	2024053267	2024002719	2024039267	2024016855	2024003399	2024003125
2024065125	2024039997	2024082150	2024074747	2024065988	2024009371	2024024325	2024077301	2024014572
2024014577	2024048291	2024081709	2024068116	2024030773	2024066307	2024063957	2024070097	2024024893
2024014585	2024015089	2024051067	2024070960	2024040007	2024053266	2024015611	2024017472	2024031983
2024009114	2024020428	2024056926	2024079346	2024005112	2024007152	2024001016	2024023557	2024065580
2024018421	2024029467	2024069346	2024084322	2024067025	2024001840	2024048294	2024023558	2024019176
2024066317	2024038580	2024078346	2024018699	2024011205	2024063996	2024045511	2024084074	2024052176
2024062043	2024048292	2024083813	2024082756	2024068399	2024059441	2024065996	2024042224	2024049436
2024060447	2024054596	2024045243	2024082369	2024083559	2024032004	2025001425	2024084238	2024075481
2024044188	2024059746	2024005416	2024019701	2024053858	2024081717	2024081180	2024053279	2024011215
2024015106	2024066291	2024017462	2024033565	2024001998	2024009381	2024063099	2024030976	2024016853
2024080179	2024078879	2024074725	2024075919	2024018120	2024081449	2024078865	2024025191	2024024037
2024076326	2024017133	2024005108	2024062013	2024006543	2024069351	2024051537	2024025194	2024030987
2025000767	2024083321	2024016870	2024076369	2024075531	2025002248	2024050774	2024028718	2024082362
2024083550	2024023993	2024066571	2024009122	2024007285	2024016628	2024082983	2024064717	2024076886
2024062252	2024062816	2024077116	2024009123	2024016871	2024009449	2024053874	2024052178	

O reparo de data 13/03/2025 foi resolto pola Presidencia por RP nº 2025001783 de data 13/03/2025 sen solventar as discrepancias da Intervención provincial (expediente CIVIDAS nº 2025013902).



Así mesmo, emitíuse un **informe de omisión de función interventora (OFI)** respecto do recoñecemento dunha obriga de gasto correspondente cunha axuda sanitaria concedida sen fiscalización previa da Intervención. Revisado o expediente pola Intervención informouse da innecesariedade da revisión do acto, correspondendo á Presidencia acordar a continuación na tramitación do expediente para pagamento.

Así mesmo, no ano 2025, e segundo sinala o informe da Intervención de dación de contas dos acordos contrarios a reparos e das anomalías en materia de ingresos, aprobáronse expedientes de gasto con deficiencias procedimentais reflectidas nos correspondentes informes da Intervención.

Nestes supostos de expedientes con vicios ou defectos procedimentais, os recoñecementos das obrigas correspondentes foron aprobados logo da tramitación do procedemento de recoñecemento ou validación, segundo o caso, conforme o previsto nas bases de execución do orzamento (base 17ª), de conformidade co seguinte:

- Se os requisitos incumpridos implican nulidade radical da obriga, procede á aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito. Neste caso, a competencia será:
 - Da Xunta de Goberno: Cando exista crédito.
 - Do Pleno: cando non exista crédito.
- Para contratos menores nos que non se seguiu o procedemento, procederase, no seu caso, a aprobación da obriga polos seguintes procedementos:
 - Máis de 6.000 euros: Recoñecemento extraxudicial.
 - Entre 3.000 e 6.000 euros: Validación.

Recoñecemento extraxudicial:

- Obrigas de gasto respecto das cales os requisitos incumpridos impliquen a nulidade radical da obriga,
- Obrigas de gasto correspondentes con contratos menores de contía superior a 6.000 euros, realizados sen seguir o procedemento propio deste tipo de contratos.
- Obrigas de gasto correspondentes con subvencións en especie que superen os 500 euros, sen resolución previa de concesión.

A competencia corresponderá:

- A Xunta de Goberno, cando exista crédito.
- Ao Pleno: cando non exista crédito.

Validación:

- Obrigas de gasto respecto das cales os requisitos incumpridos non impliquen a nulidade radical da obriga.
- Obrigas de gasto correspondentes con contratos menores de contía entre 3.000 a 6.000 euros, realizados sen seguir o procedemento propio deste tipo de contratos.
- Obrigas de gasto correspondentes con subvencións en especie que superen os 500 euros, sen resolución previa de concesión.

A competencia para validación corresponde á Xunta de Goberno, agás a validación de gastos de persoal, empregados públicos e corporativos, nos que realizárase polo mesmo órgano ao que lle corresponda ditar o acto de autorización e compromiso do gasto.



No exercicio 2025 tramitáronse expedientes de **recoñecemento extraxudicial e validación** para **recoñecemento de obrigas de gasto** correspondentes con facturas e certificacións, de conformidade co seguinte:

1. Facturas e documentos xustificativos do gasto:

1.1. Facturas de aplicación orzamentaria.

- Resumo

Procedemento	Número	% s/total	Importe €	% s/total (€)
Extraxudicial con exercicio pechado	357	2,42%	172.358,07	0,52%
Extraxudicial con vicios de procedemento	453	3,07%	1.473.617,48	4,46%
Normal	13.940	94,34%	31.258.952,56	94,60%
Validación	27	0,18%	138.606,66	0,42%
Total general	14.777		33.043.534,77	

- Detalle por centro xestor:



AREA_XESTORA	Procedemento	Número	% s/ total servicio	% s/total	Importe (€)	% s/ total servicio (€)	% s/total (€)
231/BENESTAR SOCIAL	Extrajudicial con vicios	2	4,55%	0,01%	13.186,58	2,68%	0,04%
	Normal	42	95,45%	0,28%	479.513,92	97,32%	1,45%
Total 231/BENESTAR SOCIAL		44		0,30%	492.700,50		1,49%
232/CENTRO PRÍNCIPE FELIPE	Extrajudicial pechados	24	1,16%	0,16%	20.852,77	0,66%	0,06%
	Extrajudicial con vicios	19	0,92%	0,13%	38.914,93	1,23%	0,12%
	Normal	2.019	97,87%	13,66%	3.110.592,76	98,00%	9,41%
	Validación	1	0,05%	0,01%	3.630,00	0,11%	0,01%
Total 232/CENTRO PRÍNCIPE FELIPE		2063		13,96%	3.173.990,46		9,61%
233/XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	Normal	121	99,18%	0,82%	519.155,34	99,89%	1,57%
	Validación	1	0,82%	0,01%	565,14	0,11%	0,00%
Total 233/XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO		122		0,83%	519.720,48		1,57%
240/FOMENTO DE EMPREGO	Extrajudicial con vicios	1	1,49%	0,01%	2.919,73	2,33%	0,01%
	Normal	66	98,51%	0,45%	122.535,04	97,67%	0,37%
Total 240/FOMENTO DE EMPREGO		67		0,45%	125.454,77		0,38%
250/IGUALDADE	Extrajudicial exerc. pechado	1	0,29%	0,01%	1.657,70	0,25%	0,01%
	Normal	348	99,71%	2,36%	657.779,05	99,75%	1,99%
Total 250/IGUALDADE		349		2,36%	659.436,75		2,00%
330/CULTURA	Extrajudicial pechados	151	4,24%	1,02%	56.946,20	2,42%	0,17%
	Extrajudicial con vicios	3	0,08%	0,02%	5.981,00	0,25%	0,02%



	Normal	3.404	95,62%	23,04%	2.281.927,10	97,16%	6,91%
	Validación	2	0,06%	0,01%	3.710,00	0,16%	0,01%
Total 330/CULTURA		3560		24,09%	2.348.564,30		7,11%
332/PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	Extraxudicial pechados	4	2,94%	0,03%	4.518,18	3,19%	0,01%
	Extraxudicial con vicios	4	2,94%	0,03%	1.039,83	0,73%	0,00%
	Normal	127	93,38%	0,86%	135.525,86	95,72%	0,41%
	Validación	1	0,74%	0,01%	496,57	0,35%	0,00%
Total 332/PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO		136		0,92%	141.580,44		0,43%
333/MUSEO PROVINCIAL	Extraxudicial pechados	19	1,44%	0,13%	6.404,99	0,16%	0,02%
	Extraxudicial con vicios	38	2,89%	0,26%	87.402,72	2,13%	0,26%
	Normal	1.253	95,21%	8,48%	4.007.981,09	97,54%	12,13%
	Validación	6	0,46%	0,04%	7.173,69	0,17%	0,02%
Total 333/MUSEO PROVINCIAL		1316		8,91%	4.108.962,49		12,43%
334/SERVIZOS LINGÜÍSTICOS	Normal	41	100,00%	0,28%	66.489,47	100,00%	0,20%
Total 334/SERVIZOS LINGÜÍSTICOS		41		0,28%	66.489,47		0,20%
340/DEPORTES	Extraxudicial pechados	1	1,35%	0,01%	450,00	0,07%	0,00%
	Extraxudicial con vicios	13	17,57%	0,09%	29.397,59	4,30%	0,09%
	Normal	59	79,73%	0,40%	648.770,62	94,90%	1,96%
	Validación	1	1,35%	0,01%	4.991,25	0,73%	0,02%
Total 340/DEPORTES		74		0,50%	683.609,46		2,07%
410/MEDIO AMBIENTE	Extraxudicial pechados	4	1,52%	0,03%	165,51	0,04%	0,00%



	Extrajudicial con vicios	3	1,14%	0,02%	3.341,19	0,74%	0,01%
	Normal	256	96,97%	1,73%	444.289,81	98,55%	1,34%
	Validación	1	0,38%	0,01%	3.025,00	0,67%	0,01%
Total 410/MEDIO AMBIENTE		264		1,79%	450.821,51		1,36%
411/FINCA MOURISCADE	Extrajudicial pechados	6	0,68%	0,04%	443,59	0,05%	0,00%
	Extrajudicial con vicios	23	2,60%	0,16%	20.322,94	2,19%	0,06%
	Normal	855	96,72%	5,79%	905.951,13	97,76%	2,74%
Total 411/FINCA MOURISCADE		884		5,98%	926.717,66		2,80%
413/ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREIRO	Extrajudicial pechados	24	3,66%	0,16%	9.908,48	1,49%	0,03%
	Extrajudicial con vicios	20	3,05%	0,14%	11.228,44	1,69%	0,03%
	Normal	611	93,28%	4,13%	643.836,32	96,82%	1,95%
Total 413/ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREIRO		655		4,43%	664.973,24		2,01%
433/TURISMO RIAS BAIXAS	Extrajudicial pechados	24	4,13%	0,16%	25.495,63	0,87%	0,08%
	Extrajudicial con vicios	66	11,36%	0,45%	270.613,91	9,29%	0,82%
	Normal	484	83,30%	3,28%	2.589.904,74	88,87%	7,84%
	Validación	7	1,20%	0,05%	28.229,86	0,97%	0,09%
Total 433/TURISMO RIAS BAIXAS		581		3,93%	2.914.244,14		8,82%
456/INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	Extrajudicial pechados	27	3,60%	0,18%	7.298,20	0,63%	0,02%
	Extrajudicial con vicios	35	4,66%	0,24%	225.094,82	19,56%	0,68%
	Normal	688	91,61%	4,66%	915.093,90	79,53%	2,77%
	Validación	1	0,13%	0,01%	3.085,50	0,27%	0,01%



Total 456/INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS		751		5,08%	1.150.572,42		3,48%
457/ARQUITECTURA	Extraxudicial pechados	27	4,07%	0,18%	16.455,40	1,89%	0,05%
	Extraxudicial con vicios	10	1,51%	0,07%	10.160,94	1,17%	0,03%
	Normal	625	94,27%	4,23%	782.497,42	90,07%	2,37%
	Validación	1	0,15%	0,01%	59.653,00	6,87%	0,18%
Total 457/ARQUITECTURA		663		4,49%	868.766,76		2,63%
912/GABINETE DA PRESIDENCIA	Extraxudicial con vicios	2	66,67%	0,01%	236,65	17,60%	0,00%
	Normal	1	33,33%	0,01%	1.107,58	82,40%	0,00%
Total 912/GABINETE DA PRESIDENCIA		3		0,02%	1.344,23		0,00%
920/SERVIZO CENTRAL	Extraxudicial pechados	2	0,77%	0,01%	2.947,83	0,96%	0,01%
	Extraxudicial con vicios	94	36,29%	0,64%	119.116,02	38,88%	0,36%
	Normal	163	62,93%	1,10%	184.334,94	60,16%	0,56%
Total 920/SERVIZO CENTRAL		259		1,75%	306.398,79	0,93%	0,93%
921/RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN	Extraxudicial pechados	2	4,76%	0,01%	827,22	1,12%	0,00%
	Normal	40	95,24%	0,27%	72.775,20	98,88%	0,22%
Total 921/RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN		42		0,28%	73.602,42		0,22%
922/CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO	Extraxudicial pechados	5	2,12%	0,03%	279,02	0,09%	0,00%
	Normal	231	97,88%	1,56%	298.801,53	99,91%	0,90%
Total 922/CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO		236		1,60%	299.080,55		0,91%
923/SERVIZO DE ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	Extraxudicial pechados	2	1,18%	0,01%	190,82	0,01%	0,00%
	Extraxudicial con vicios	11	6,47%	0,07%	27.831,21	2,04%	0,08%



	Normal	157	92,35%	1,06%	1.333.240,25	97,94%	4,03%
Total 923/SERVIZO DE ASISTENCIA INTERMUNICIPAL		170		1,15%	1.361.262,28		4,12%
924/SERVIZO DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	Extraxudicial pechados	21	2,37%	0,14%	14.393,71	0,73%	0,04%
	Extraxudicial con vicios	4	0,45%	0,03%	9.951,84	0,50%	0,03%
	Normal	859	97,06%	5,81%	1.956.160,87	98,67%	5,92%
	Validación	1	0,11%	0,01%	2.000,00	0,10%	0,01%
Total 924/SERVIZO DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL		885		5,99%	1.982.506,42		6,00%
926/NOVAS TECNOLOXÍAS	Extraxudicial pechados	2	0,58%	0,01%	559,57	0,01%	0,00%
	Extraxudicial con vicios	49	14,24%	0,33%	445.580,60	8,63%	1,35%
	Normal	292	84,88%	1,98%	4.709.178,22	91,20%	14,25%
	Validación	1	0,29%	0,01%	8.071,15	0,16%	0,02%
Total 926/NOVAS TECNOLOXÍAS		344		2,33%	5.163.389,54		15,63%
927/ASESORÍA XURÍDICA	Normal	16	100,00%	0,11%	3.054,90	100,00%	0,01%
Total 927/ASESORÍA XURÍDICA		16		0,11%	3.054,90		0,01%
929/PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	Extraxudicial pechados	1	1,27%	0,01%	12,61	0,02%	0,00%
	Extraxudicial con vicios	14	17,72%	0,09%	4.398,38	8,34%	0,01%
	Normal	64	81,01%	0,43%	48.344,48	91,64%	0,15%
Total 929/PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS		79		0,53%	52.755,47		0,16%
931/INTERVENCIÓN	Normal	5	100,00%	0,03%	122.943,56	100,00%	0,37%
Total 931/INTERVENCIÓN		5		0,03%	122.943,56		0,37%
932/ORAL, XESTION DE RECURSOS LOCALES	Extraxudicial pechados	3	0,43%	0,02%	350,15	0,01%	0,00%



	Extrajudicial con vicios	42	5,97%	0,28%	146.898,16	5,06%	0,44%
	Normal	658	93,60%	4,45%	2.757.728,59	94,93%	8,35%
Total 932/ORAL, XESTION DE RECURSOS LOCALES		703		4,76%	2.904.976,90		8,79%
934/TESOURERÍA	Normal	1	100,00%	0,01%	60,00	100,00%	0,00%
Total 934/TESOURERÍA		1		0,01%	60,00		0,00%
942/COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS	Extrajudicial pechados	7	1,51%	0,05%	2.200,49	0,15%	0,01%
	Normal	454	97,84%	3,07%	1.459.378,87	98,90%	4,42%
	Validación	3	0,65%	0,02%	13.975,50	0,95%	0,04%
Total 942/COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS		464		3,14%	1.475.554,86		4,47%
Total general		14777		100,00%	33.043.534,77		100,00%



1.2. Certificacións.

Numero e importe de certificacións tramitadas por procedemento normal, validación e recoñecemento extraxudicial:

- Resumo:

Procedemento	Nº	Importe
Extraxudicial con vicios	4	117.169,72
Normal	224	19.256.181,46
Total Xeral	228	19.373.351,18

- Detalle por centro xestor:

AREA_XESTORA	Procedemento	Nº	Importe
232/CENTRO PRÍNCIPE FELIPE	Extraxudicial con vicios	1	7.431,75
	Normal	7	276.308,64
Total 232/CENTRO PRÍNCIPE FELIPE		8	283.740,39
333/MUSEO PROVINCIAL	Normal	1	1.596,14
Total 333/MUSEO PROVINCIAL		1	1.596,14
413/ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREIRO	Normal	1	12.700,24
Total 413/ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREIRO		1	12.700,24
456/INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	Extraxudicial con vicios	1	96.942,71
	Normal	153	16.547.567,14
Total 456/INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS		154	16.644.509,85
457/ARQUITECTURA	Extraxudicial con vicios	1	8.783,86
	Normal	21	869.931,88
Total 457/ARQUITECTURA		22	878.715,74
922/CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO	Normal	2	64.171,64
Total 922/CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO		2	64.171,64
932/ORAL, XESTION DE RECURSOS LOCALES	Normal	1	3.470,73
Total 932/ORAL, XESTION DE RECURSOS LOCALES		1	3.470,73
942/COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS	Extraxudicial con vicios	1	4.011,40
	Normal	38	1.480.435,05
Total 942/COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS		39	1.484.446,45
TOTAL		228	19.373.351,18



1.3. Validacións en materia de desprazamentos e horas extraordinarias.

En materia de persoal tramitáronse 40 expedientes de validación correspondentes con gastos de desprazamentos, dietas ou inscricións (por solicitude e/ou tramitación extemporánea), 14 de desprazamentos ordinarios (por solicitude e/ou tramitación extemporánea), 1 de desprazamentos con saída periódica e 93 expedientes de validación correspondentes coa realización de horas extraordinarias non autorizadas con carácter previo á súa realización.

- **Desprazamentos, dietas e inscricións.**

EXPTE	RP	Data	Importe xustificado	Concepto	Aplicacións
20240066534	2025001886	17/03/2025	403,34 €	Dietas	912.9120.230.20
			417,00 €	Desprazamento	912.9120.231.20
2025002452	2025004013	16/05/2025	872,69 €	Dietas	900.9120.230.00
			425,94 €	Desprazamento	900.9120.231.00
			47,30 €	Inscrición	900.9120.162.17
2025008413	2025006498	04/08/2025	750,12 €	Dietas	900.9120.230.00
			957,29 €	Desprazamento	900.9120.231.00
			80,00 €	Inscrición	900.9120.162.17
2025016450	2025004134	21/05/2025	56,42 €	Dietas	433.4320.230.20
			176,19 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025016445	2025004062	19/05/2025	106,68 €	Dietas	433.4320.230.20
			276,19 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025027292	2025006480	04/08/2025	26,67 €	Dietas	900.9120.230.00
			397,75 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025009501	2025004524	30/05/2025	293,34 €	Dietas	333.3330.230.20
			207,75 €	Desprazamento	333.3330.231.20
2025009506	2025005531	27/06/2025	836,84 €	Dietas	333.3330.230.20
			70,00 €	Desprazamento	333.3330.231.20
2025009507	2025004566	02/06/2025	836,84 €	Dietas	333.3330.230.20
			70,00 €	Desprazamento	333.3330.231.20
2025030352	2025005525	27/06/2025	743,70 €	Dietas	900.9120.230.00
			203,61 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025029579	2025005529	27/06/2025	743,70 €	Dietas	900.9120.230.00
			203,61 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025031745	2025005527	27/06/2025	507,20 €	Dietas	900.9120.230.00
			926,74 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025031850	2025005528	27/06/2025	507,20 €	Dietas	912.9120.230.20



EXPTE	RP	Data	Importe xustificado	Concepto	Aplicacións
			926,74 €	Desprazamento	912.9120.231.20
2025030013	2025005524	27/06/2025	789,38 €	Dietas	900.9120.230.00
			456,25 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025008445	2025008040	03/10/2025	813,63 €	Dietas	900.9120.230.00
			6.120,60 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025008446	2025008037	03/10/2025	813,63 €	Dietas	900.9120.230.00
			6.320,60 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025036121	2025008206	10/10/2025	307,67 €	Dietas	900.9120.230.00
			439,75 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025049029	2025007400	10/09/2025	397,35 €	Dietas	900.9120.230.00
			778,48 €	Desprazamento	900.9120.231.00
2025049323	2025010626	30/12/2025	473,02 €	Dietas	433.4320.230.20
			563,66 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025006214	2025008187	10/10/2025	765,30 €	Dietas	433.4320.230.20
			957,29 €	Desprazamento	433.4320.231.20
			80,00 €	Inscripción	433.4320.226.99
2025006215	2025008207	10/10/2025	1.120,82 €	Dietas	433.4320.230.20
			943,29 €	Desprazamento	433.4320.231.20
			80,00 €	Inscripción	433.4320.226.99
2025048942	2025009970	05/12/2025	390,50 €	Dietas	433.4320.230.20
			66,60 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025061903	2025010132	12/12/2025	26,67 €	Dietas	433.4320.230.20
			337,75 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025061569	2025010131	12/12/2025	203,10 €	Dietas	433.4320.230.20
2025061899	2025010334	18/12/2025	160,02 €	Dietas	433.4320.230.20
			399,24 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025061902	2025010345	18/12/2025	84,63 €	Dietas	433.4320.230.20
			299,24 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025063754	2025010514	26/12/2025	497,42 €	Dietas	433.4320.230.20
			961,47 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025066360	2025009879	04/12/2025	565,35 €	Dietas	920.9200.230.20
			100,00 €	Desprazamento	920.9200.231.20



EXPTE	RP	Data	Importe xustificado	Concepto	Aplicacións
2025062650	20250009739	28/11/2025	80,01 €	Dietas	926.9260.230.20
2025042147	2025010545	26/12/2025	456,69 €	Dietas	920.9200.230.20
			100,00 €	Desprazamento	920.9200.231.20
2025022833	2025010165	12/12/2025	216,68 €	Dietas	920.9200.230.20
			100,00 €	Desprazamento	920.9200.231.20
2025071793	2025010631	30/12/2025	693,38 €	Dietas	433.4320.230.20
			395,00 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025066369	2025010635	30/12/2025	438,20 €	Dietas	433.4320.230.20
			113,00 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025066368	2025010538	26/12/2025	538,68 €	Dietas	433.4320.230.20
2025069385	2025010624	30/12/2025	138,34 €	Dietas	433.4320.230.20
2025070697	2025010613	29/12/2025	583,68 €	Dietas	433.4320.230.20
			610,00 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025070747	2025010571	27/12/2025	583,68 €	Dietas	433.4320.230.20
			610,00 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025070751	2025010580	29/12/2025	492,37 €	Dietas	433.4320.230.20
			358,34 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025070753	2025010621	30/12/2025	583,68 €	Dietas	433.4320.230.20
			610,00 €	Desprazamento	433.4320.231.20
2025076345	2025010632	30/12/2025	26,67 €	Dietas	433.4320.230.20
			503,75 €	Desprazamento	433.4320.231.20
TOTALES	40		46.615,71 €		

- **Desprazamentos ordinarios:**

DESPRAZAMENTOS VALIDADOS					
CENTRO XESTOR	Nº R.P.	GASTO A VALIDAR	IMPORTE	TOTAIS	APLICACIÓN
CORPORACIÓN	2025002141	DIETAS	146,01 €	586,69 €	900.9120.230.00
		DESPRAZAMENTOS	440,68 €		900.9120.231.00
CORPORACIÓN	2025002217	DESPRAZAMENTOS	329,28 €	329,28 €	900.9120.231.00
CORPORACIÓN	2025005185	DIETAS	1.323,35 €	1.565,97 €	900.9120.230.00
		DESPRAZAMENTOS	195,32 €		900.9120.231.00
		INSCRICIÓN	47,30 €		900.9120.162.17
CORPORACIÓN	2025002683	DESPRAZAMENTOS	102,52 €	102,52 €	900.9120.231.00



COOPERACIÓN	2025009487	DIETAS	13,85 €	58,15 €	942.9420.230.20
		DESPLAZAMENTOS	44,30 €		942.9420.231.20
ORAL	2025001229	DESPLAZAMENTOS	23,92 €	23,92 €	932.9320.231.20
PRESIDENCIA	2025002682	INSCRICIÓN	47,30 €	47,30 €	912.9120.162.13
PRESIDENCIA	2025002243	INSCRICIÓN	120,00 €	120,00 €	921.2210.162.00
PRESIDENCIA	2025002597	INSCRICIÓN	47,30 €	47,30 €	912.9120.162.13
PRÍNCIPE FELIPE	2025007802	DIETAS	14,11 €	14,11 €	232.2312.230.20
MUSEO	2025006834	DESPLAZAMENTOS	27,30 €	27,30 €	333.3330.231.20
MUSEO	2025008292	DESPLAZAMENTOS	6,30 €	6,30 €	333.3330.231.20
MUSEO	2025001239	DESPLAZAMENTO	47,30 €	47,30 €	333.3330.231.20
XECRETARIA XERAL	2025009063	ASISTENCIA (Autorización)	€	SEN EFECTOS ECONÓMICOS	
TOTAL			2.976,14 €	2.976,14 €	

- **Desplazamientos correspondentes con salidas periódicas:**

DESPLAZAMENTOS VALIDADOS			
CENTRO XESTOR	Nº R.P.	GASTO A VALIDAR	IMPORTE
BENESTAR SOCIAL	2025009248	DESPLAZAMENTO	510,00 €
TOTAL			510,00 €

- **Horas extraordinarias:**

HORAS EXTRAS VALIDADAS		
CENTRO XESTOR	Nº R.P.	IMPORTE
AREEIRO	2025001345	115,44 €
AREEIRO	2025001872	92,52 €
AREEIRO	2025001341	262,14 €
AREEIRO	2025001873	508,87 €
ARQUITECTURA	2025000471	56,18 €
ARQUITECTURA	2025000450	176,05 €
BENESTAR SOCIAL	2025003119	574,49 €
COMUNICACIÓN	2025000454	63,36 €
COMUNICACIÓN	2025000451	45,18 €
COMUNICACIÓN	2025001882	113,40 €
COMUNICACIÓN	2025001945	109,88 €



HORAS EXTRAS VALIDADAS		
CENTRO XESTOR	Nº R.P.	IMPORTE
COMUNICACIÓN	2025000449	111,33 €
COMUNICACIÓN	2025001947	32,38 €
COMUNICACIÓN	2025001856	112,87 €
COMUNICACIÓN	2025001343	43,18 €
COMUNICACIÓN	2025001857	189,33 €
COMUNICACIÓN	2025003073	70,77 €
COMUNICACIÓN	2025004264	228,72 €
COMUNICACIÓN	2025007382	118,81 €
COMUNICACIÓN	2025008473	385,50 €
COMUNICACIÓN	2025007383	111,49 €
COMUNICACIÓN	2025008478	109,94 €
COOPERACIÓN	2025006559	380,95 €
CULTURA	2025006547	225,29 €
CULTURA	2025009410	130,65 €
DEPORTES	2025009380	20,51 €
IGUALDADE	2025000452	147,39 €
IGUALDADE	2025006938	264,63 €
IGUALDADE	2025009409	245,63 €
INFRAESTRUTURAS	2025000453	150,35 €
INFRAESTRUTURAS	2025001946	271,19 €
INFRAESTRUTURAS	2025001948	616,80 €
INFRAESTRUTURAS	2025001949	370,50 €
INFRAESTRUTURAS	2025001952	460,90 €
INFRAESTRUTURAS	2025001953	279,87 €
INFRAESTRUTURAS	2025001954	616,80 €
INFRAESTRUTURAS	2025001955	616,80 €
INFRAESTRUTURAS	2025003096	462,60 €
INFRAESTRUTURAS	2025001956	448,41 €
INFRAESTRUTURAS	2025001958	390,51 €
INFRAESTRUTURAS	2025001957	371,98 €
INFRAESTRUTURAS	2025002472	579,79 €
INFRAESTRUTURAS	2025003071	94,50 €



HORAS EXTRAS VALIDADAS		
CENTRO XESTOR	Nº R.P.	IMPORTE
INFRAESTRUTURAS	2025006552	50,96 €
INFRAESTRUTURAS	2025007390	42,53 €
INFRAESTRUTURAS	2025009150	310,00 €
MUSEO	2025004198	150,04 €
MUSEO	2025005139	115,19 €
MUSEO	2025006941	257,35 €
MUSEO	2025008342	710,97 €
MUSEO	2025008341	385,94 €
NNTT	2025001472	531,68 €
NNTT	2025001471	414,34 €
ORAL	2025004197	55,98 €
PATRIMONIO DOCUMENTAL	2025008515	298,49 €
PATRIMONIO DOCUMENTAL	2025008516	67,97 €
PATRIMONIO DOCUMENTAL	2025008985	298,98 €
PATRIMONIO DOCUMENTAL	2025008992	248,92 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025001346	172,88 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025001336	34,00 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025003460	189,80 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025003914	215,88 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025006572	107,94 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025003443	191,62 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025003913	162,60 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025003921	180,88 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025003423	164,69 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025003363	49,35 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025003362	186,12 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025006571	86,45 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025008413	84,60 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025006569	182,00 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025006549	303,31 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025006548	161,91 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025006553	161,91 €



HORAS EXTRAS VALIDADAS		
CENTRO XESTOR	Nº R.P.	IMPORTE
PRÍNCIPE FELIPE	2025006942	121,31 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025006551	107,94 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025008335	182,00 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025008347	230,84 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025008346	230,84 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025008344	107,94 €
PRÍNCIPE FELIPE	2025008471	161,91 €
RECURSOS HUMANOS	2025001874	441,94 €
RECURSOS HUMANOS	2025007384	250,88 €
SECRETARIA XERAL	2025001868	116,34 €
SECRETARIA XERAL	2025003660	533,22 €
SECRETARIA XERAL	2025003422	463,68 €
SECRETARIA XERAL	2025003069	360,06 €
TURISMO	2025008742	616,80 €
INFRAESTRUTURAS	2025002160	18,50h compensadas por horas de descanso
INFRAESTRUTURAS	2025002140	20 h compensadas por horas de descanso
INFRAESTRUTURAS	2025002139	20 h compensadas por horas de descanso
INFRAESTRUTURAS	2025002178	20 h compensadas por horas de descanso
	TOTAL	21.278,86 €

1.4. Expedientes de axudas ou subvencións.

- **Recoñecemento extraxudicial:**

Data acordo	Nº expediente	Descrición	Aplicación	Importe
10/07/2025	2024076493	Aprobación da xustificación da axuda concedida á Asociación Premios da Crítica de Galicia para os gastos de organización da "Gala dos Premios da Crítica de Galicia 2024"	330/3340/48905/2024	2.000,00 €
08/08/2025	2024014014	Aprobación da xustificación da axuda concedida á Asociación de Veciños Hospital Pousadela para o investimento "Carpa desmontable" incluído no Plan Provincia comunitaria 2024	942/4590/78907/2024	10.000,00 €



1.5. Outros: Multas coercitivas.

- **Recoñecemento extraxudicial:**

Data acordo	Nº expediente	Descrición	Aplicación	Importe
26/12/2025	2022043489	Multa coercitiva imposta pola Confederación Hidrográfica do Miño Sil en execución da resolución do expediente sancionador data 30/05/2023, en relación ao expediente nº S/36/0029/22, por realización de obras no río Miñoteira, incumprindo a condición 2 establecida na autorización A/36/09452 outorgada pola Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data 5 de setembro de 2017 para execución das obras de construción de dous muros de contención e reparación da calzada da estrada E.P.-2401 Porriño-Mosende, PK 4+180, en zona de policía de ambas marxes do río Miñoteira, no termo municipal de O Porriño	456/4530/22699	240,00 €

II.1.2. Intervención da comprobación material do investimento.

Coa aprobación da Lei 9/2017, de 8 de novembro e RD 424/2017, regulouse de xeito expreso a necesidade de que a intervención da comprobación material do investimento se realizase con asistencia do representante da intervención ao acto de recepción, nos supostos de investimentos cuxa contía excedese do contrato menor.

No exercicio 2018 aprobáronse unha serie de instrucións para realización da intervención da comprobación material do investimento con asistencia de representante designado pola Intervención:

- RP 2018013558, de data 9/07/2018, pola que se aproban as normas que regulan a comunicación a Intervención do acto de recepción para designación de representante e, no seu caso, asesor, para realización da intervención da comprobación material do investimento.
- RP 2018015643, de data 8/08/2018, pola que se aproba a relación de persoas empregadas da Deputación Provincial de Pontevedra que poden ser nomeadas asesoras ou asesores polo Interventor.
- RP 2018020388, de data 19/10/2018, pola que se aproban as normas reguladoras do acto de recepción e da intervención da comprobación material do investimento.

Así mesmo, a Instrución de contratación desta Deputación aprobada por RP nº 2021000767 de data 10/02/2021 (última modificación do 10/02/2023 2023001138) recolle algúns aspectos de aplicación ou con efectos sobre a comprobación material do investimento, entre as que se inclúen as correspondentes ás esixencias de información da execución a achegar coa última certificación ordinaria, información de especial utilidade para un adecuado desenvolvemento deste control.

Durante o exercicio 2025 se tramitaron un total de 44 expedientes¹ de intervención da comprobación material do investimento con asistencia dun representante da Intervención Provincial ao acto da recepción.

A maior parte das actas asináronse con resultado favorable ou favorable con observacións. Na columna de "opinión" reflíctese a opinión da intervención incorporada a acta.

CODIGOS OPINIÓN	
F	FAVORABLE
F.C.O.	FAVORABLE CON OBSERVACIÓNS
F.C.O.D.I.	FAVORABLE CON OBSERVACIÓNS DESFAVORABLES DA INTERVENCIÓN

¹ 37 no ano 2019, 44 no ano 2020, 41 no ano 2021, 49 no 2022, 83 no 2023 e 79 no 2024.



D	DESFAVORABLE
---	--------------

CÓDIGOS OBSERVACIÓNS	
1	Falta de información respecto dos excesos de medición.
2	Falta de controis de calidade.
3	Falta de información da emenda de controis con resultado desfavorable.
4	Falta de información respecto do cumprimento dos condicionantes dos permisos sectoriais ou xustificación.
5	Omisión da función interventora.
6	Falta de información requirida respecto das unidades de obra executadas.
7	Demora que conleve esixencia de penalidades
8	Falta de proxecto (obras de emerxencia)
9	Retraso recepción inxustificado
10	Ausencia de controis de espesores
11	Falta de detalle das unidades executadas en cada estrada (proxectos que inclúen actuacións en diferentes estradas)
12	Incorrectamente executado
13	Falta tramitación da legalización, establecendo un prazo a estes efectos
14	Falta de definición da execución real.



Nº expediente	Tipo contrato	Descrición	Centro xestor	Importe Adjudicación	Data acta	Sentido Acta	Motivo
2024031182	SUBMINISTRACION	Subministración dunha solución para o control de presenza dos empregados da Deputación de Pontevedra	NOVAS TECNOLOXIAS	242.205,60 €	13/01/2025	F.C.O.	
2024055786	SUBMINISTRACION	Subministración, instalación e posta en marcha dun sistema de dixestión KJELDAHL completo e automático no laboratorio da Finca Mouriscade para a análise de proteína bruta.	MEDIO AMBIENTE	44.448,94 €	23/01/2025	F	
2024063909	SUBMINISTRACION	Renovación dos equipos de protección perimetral (FIREWALL)	NOVAS TECNOLOXIAS	136.873,70 €	19/02/2025	F	
2024046346	OBRA	Reparación de beirarrúas na EP-2603 Puxeiros-Peinador, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+600 (Concello de Mos)	MOBILIDADE	62.482,65 €	21/03/2025	F	
2023056043	OBRA	Urbanización da rúa Condese e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia).	MOBILIDADE	646.363,12 €	25/03/2025	F	
2024047682	OBRA	Contrato derivado LOTE 3-2024 do acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra.	MOBILIDADE	636.298,73 €	25/03/2025	F.C.O.	2
2024073070	SUBMINISTRACION	Ampliación dos recursos de almacenamento de memoria RAM do sistema hiperconverxente DELL EMC VXRAIL da Deputación de Pontevedra a través do lote nº 2 do Sistema Dinámico de Adquisición 24/2022 "Subministro de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento" da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado	NOVAS TECNOLOXIAS	91.945,48 €	26/03/2025	F	
2024047677	OBRA	Contrato derivado LOTE 1-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra	MOBILIDADE	649.940,95 €	31/03/2025	F	
2024053820	OBRA	Reposición de firme na EP-6101 Bidueiros-Amedo, dende o P.Q. 2+200 ó P.Q. 9+388 (Concello de Dozón)	MOBILIDADE	450.459,62 €	31/03/2025	F	
2024071576	SUBMINISTRACION	Ampliación de nodos para o sistema Hiperconverxente de servidores (Hyperflex) da Deputación de Pontevedra" a través do lote nº 2 do Sistema Dinámico de Adquisición 24/2022 "Subministro de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento" da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado	NOVAS TECNOLOXIAS	122.020,03 €	04/04/2025	F	
2024049524	OBRA	SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II : LOTE 2.	COOPERACION	18.823,06 €	07/04/2025	F.C.O.	
2023006141	OBRA	Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF	ARQUITECTURA	877.280,15 €	11/04/2025	F	
2024047684	OBRA	Contrato derivado LOTE 5-2024 do acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra.	MOBILIDADE	724.406,32 €	09/04/2025	F	



2023041709	SUBMINISTRACION	APLICACIÓN PARA LA GAMIFICACIÓN EN EL DESTINO RÍAS BAIXAS DENTRO DEL DESARROLLO DE LA INICIATIVA TOURIST INSIDE II RÍAS BAIXAS	TURISMO	84.015,14 €	25/04/2025	F	
2024047683	OBRA	Contrato derivado LOTE 4-2024 do acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra.	MOBILIDADE	873.693,17 €	09/05/2025	F.C.O.	9
2024068086	SUBMINISTRACION	Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares dos Centros Infanto Xuvenís Escola Fogar e Agarimo do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra	PRINCIPE FELIPE	89.025,75 €	16/05/2025	F	
2022070144	SUBMINISTRACION	Subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación Provincial de Pontevedra.	INTERVENCION	538.477,75 €	19/05/2025	F	
2024045125	OBRA	CONTRATO DERIVADO LOTE 3 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023.	MOBILIDADE	595.968,56 €	21/05/2025	F	
2023042335	OBRA	Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 AXesteira-Almofrei,P.Q.0+000 ao P.Q. 1+500	MOBILIDADE	905.232,63 €	30/05/2025	F	
2024061731	OBRA	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA SEP2205,2201,2303 E 2503MEDIANTE A INSTALACIÓN DE BARREIRAS DE SEGURIDADE.	MOBILIDADE	59.420,91 €	10/06/2025	F	
2021053050	OBRA	DIXITALIZACIÓN E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ZONA SURESTE DA PLANTA PRIMEIRA DO PAZO PROVINCIAL	ARQUITECTURA	560.625,00 €	16/06/2025	F	
2024044378	OBRA	Contrato derivado Lote 2/2023 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra	MOBILIDADE	738.227,86 €	27/06/2025	F	
2025006244	OBRA	Obra de Emerxencia para "Reparación de muro de sostemento na EP-0407 Ponte Caldelas-Borela, no P.Q. 7+870 (Concello de Ponte Caldelas)	MOBILIDADE	70.000,00 €	15/02/2025	F.C.O.	8, 2, 9
2024048251	OBRA	Mellora da seguridade viaria na EP-9207 AVichona-Dena,dende o P.Q.1+300 Ó 1+900 (Concello de Meaño)	MOBILIDADE	214.413,49 €	30/06/2025	F.C.O.	1, 2
2024050906	OBRA	Mellora da mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros, dende o P.Q. 1+350 ao P.Q. 1+550	MOBILIDADE	64.150,39 €	23/07/2025	F	
2024030726	OBRA	Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023	MOBILIDADE	665.125,49 €	02/09/2025	F	
2024067672	OBRA	Obra de Emerxencia "Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no P.Q. 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)"	MOBILIDADE	98.000,00 €	02/09/2025	F.C.O.D.I.	4
2024047685	OBRA	Contrato derivado Lote 6-2024 do acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra.	MOBILIDADE	658.012,98 €	09/09/2025	F	



2024066928	OBRA	INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NO PARQUE DE MAQUINARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	ARQUITECTURA	60.085,21 €	25/09/2025	F	
2024045467	OBRA	LOTE Nº1 INSTALACIÓN DE XERACIÓN TÉRMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NA CASA DO CONCELLO DE A CAÑIZA.	COOPERACION	213.444,00 €	15/02/2025	F	
2024045467	OBRA	LOTE Nº2 INSTALACIÓN DE XERACIÓN TÉRMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE A ILLA DE AROUSA	COOPERACION	171.457,00 €	26/09/2025	F	
2024067383	OBRA	Subministración, montaxe, electrificación, e instalación de mobiliario para a zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial	ARQUITECTURA	59.653,00 €	17/10/2025	F	
2025020646	SUBMINISTRACION	Subministro de equipos informáticos para a Deputación de Pontevedra	NOVAS TECNOLOXIAS	74.894,37 €	21/10/2025	F	
2025004806	OBRA	INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NO CONCELLO DE AS NEVES E CENTRO CULTURAL	COOPERACION	129.500,00 €	24/10/2025	F	
2024068292	OBRA	Mellora da seguridade viaria na EP 8404 Piñeiro-Arcos, dende o pq. 0+000 ao pq. 3+416	MOBILIDADE	462.252,61 €	04/11/2025	F.C.O.	1
2025043465	OBRA	Contrato derivado LOTE 2-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra.	MOBILIDADE	873.265,60 €	04/11/2025	F	
2025005763	OBRA	SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR. LOTE 2	COOPERACION	392.778,51 €	12/11/2025	F	
2025005763	OBRA	SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR. LOTE 1	COOPERACION	535.492,94 €	17/11/2025	F	
2024017414	SERVIZO	IMPLANTACIÓN DE UNHA PLATAFORMA MUSEOGRÁFICA VIRTUAL PARA A POSTA EN VALOR COMO RECURSO TURÍSTICO DA RAPA DAS BESTAS	TURISMO	127.050,00 €	19/11/2025	F	
2025043459	OBRA	CONTRATO DERIVADO LOTE 1-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.	MOBILIDADE	649.941,09 €	25/11/2025	F	
2025008650	OBRA	Reposición de firme na EP-1003 Rodeira-A Boubeta, do P.Q. 0+400 ao 1+000	MOBILIDADE	130.636,98 €	04/12/2025	F.C.O.	9
2024053636	OBRA	Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP 5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras	MOBILIDADE	379.534,35 €	17/12/2025	F.C.O.	9



II.2. Control financeiro.

O TRLRFL recolle como unha das modalidades do control interno a desenvolver pola Intervención o control financeiro.

Artigo 213.1 TRLRFL:

1. *Se exercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículos siguientes las funciones de control interno respecto de su gestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluida la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.(...)*

O artigo 220 do TRLRFL define o control financeiro, como aquel que ten por obxecto:

- (..) comprobar el funcionamiento en el aspecto económico-financiero de los servicios de las entidades locales, de sus organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellas dependientes.*
- Dicho control tendrá por objeto informar acerca de la adecuada presentación de la información financiera, del cumplimiento de las normas y directrices que sean de aplicación y del grado de eficacia y eficiencia en la consecución de los objetivos previstos.*
- El control financiero se realizará por procedimientos de auditoría de acuerdo con las normas de auditoría del sector público.*
- Como resultado del control efectuado habrá de emitirse informe escrito en el que se haga constar cuantas observaciones y conclusiones se deduzcan del examen practicado. Los informes, conjuntamente con las alegaciones efectuadas por el órgano auditado, serán enviados al Pleno para su examen.”*

O RD 424/2017 regula con maior grao de detalle o exercicio deste control financeiro, nas súas modalidades de control financeiro permanente e auditoría, con esixencia de aprobación dun plan anual de control financeiro, actuacións de seguimento e corrección (plan de acción).

O Plan anual de control financeiro e auditoría da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao ano 2025 foi elaborado pola Intervención con data 2 de abril de 2025, e dación de conta ao Pleno na sesión ordinaria do mes de abril.

- Control financeiro subvencións concedidas.

O control financeiro de subvencións executado ao abeiro do Plan anual de control financeiro 2025 abrangueu un total de 31 expedientes na modalidade de control financeiro pleno, e 17 de comprobación de investimentos subvencionados pola Deputación, durante o período de adscrición.

Dos 31 expedientes obxecto de control financeiro pleno rematáronse á data de emisión deste informe 30 expedientes, estando 1 en tramitación. Os traballos de control de investimentos subvencionados foron completados no exercicio.

- Control financeiro ingresos.

No que atinxe ao control financeiro dos ingresos xestionados polo ORAL, no ano 2025 finalizáronse os traballos de control financeiro de expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana, cunha selección de 344 expedientes correspondentes con 11 motivos de baixa.

O Plan anual de control financeiro 2025 incluíu a realización dun novo control en materia de ingresos xestionados polo ORAL, pendente de execución.

O atraso na execución destes controis obedece á coincidencia temporal co proceso de implantación do novo sistema de xestión económico e patrimonial, actuación prioritaria e crave, incluída nos Plans de acción provincial dos últimos anos, especialmente complexa pola antigüidade do programa contable anterior, desenvolvementos específicos desta entidade, inxente volume de operacións a migrar e a necesidade de acadar un elevado grao de integración co xestor de expedientes e outros aplicativos.



II.3. Auditoría

O Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría correspondente ao exercicio 2025 incluíu a auditoría das contas 2024 das entidades adscritas e dependentes² (Consortio Provincial Contra Incendios e Escola de Enfermería). Así mesmo, incluíuse a auditoría do rexistro de facturas 2023 e 2024.

- **Auditoría de contas**

Para a realización das auditorías de contas do Consortio e da Escola contouse coa colaboración dunha firma privada de auditoría (BM AUDITORES).

Os informes e memorandos definitivos das contas anuais 2024 do Consortio Provincial e da Escola de Enfermería (expedientes nº 2025035667 e 2025035667, respectivamente) foron asinados en data 28/08/2025.

Nos dous supostos os informes de auditoría conteñen unha opinión denegada. Esta opinión denegada por limitacións ao alcance, fundaméntase na falta de levanza dunha xestión patrimonial, non constando, en moitos dos casos, a documentación correspondente á adquisición, cesión ou adscrición dos bens, sen que exista un inventario físico e contable, polo que non resulta posible a súa verificación.

- **Auditoría do rexistro de facturas**

Ao tratarse dun control legal obrigatorio, o Plan de control financeiro 2025 incluíu a auditoría do rexistro de facturas dos anos 2023 e 2024.

Estas auditorías foron executadas no 2025 con emisión dos informes de auditoría nos meses de outubro e decembro de 2025. En ambos casos, subsiste a principal discrepancia posta de manifesto na auditoría do rexistro de facturas dos anos anteriores referida á falta de implementación dun rexistro integrado ou interrelacionado coa contabilidade, que solvéntase coa implantación do novo sistema de xestión económico-patrimonial no ano 2025.

III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

En termos xerais, as conclusións derivadas das actuacións de control realizadas no exercicio coinciden substancialmente coas recollidas nos informes-resumo de exercicios anteriores, sen prexuízo dos avances producidos en determinados ámbitos e da posta en marcha de medidas de mellora relevantes. Persisten, non obstante, determinadas debilidades estruturais que afectan de forma transversal á xestión administrativa e que requiren continuidade nas actuacións de modernización, revisión procedemental e reforzo dos medios dispoñibles.

III.1. Función interventora

No ámbito da función interventora, continúa observándose a existencia de expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos vinculados, con carácter xeral, a defectos procedementais, atrasos na tramitación ou fraccionamentos.

Esta situación pon de manifesto a necesidade de seguir reforzando a planificación e programación da contratación en toda a organización, así como de avanzar nunha maior racionalización da actividade contractual. En particular, resulta necesario reducir o recurso á contratación menor aos supostos

² No que respecta á auditoría de contas das entidades adscritas (consorcios), cómpre sinalar a modificación do apartado terceiro do artigo 122 da Lei 40/2015, pola Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2022, que limita a obrigatoriedade de realización da auditoría de contas dos consorcios a aqueles supostos nos que se superen determinados importes referidos ás partidas de activo, ingresos de xestión ordinaria ou número medio de traballadores. Esta modificación supón a exclusión da obrigatoriedade de auditar as contas do Consortio contra Incendios Deza Tabeirós, de xeito que, aínda que a inclusión no Plan anual de control é potestativa para esta Intervención, considerando a falta de acontecementos ou cambios relevantes na estrutura organizativa ou de xestión deste consorcio, optouse por non incluírse no plan deste exercicio.



estritamente previstos legalmente, evitando a súa utilización para atender necesidades reiteradas, recorrentes ou previsibles, así como prever situacións que poidan dar lugar a fraccionamentos indebidos.

En consecuencia, recoméndase intensificar a planificación contractual por parte dos centros xestores, potenciar instrumentos de racionalización da contratación, como os acordos marco e os sistemas dinámicos, e revisar os procedementos de tramitación naqueles ámbitos nos que se detectan incidencias recorrentes, co obxecto de mellorar a calidade da xestión e reducir a reiteración de vicios ou defectos procedementais.

III.2. Control permanente

No ámbito do control permanente, as actuacións realizadas permiten concluír que subsisten marxes de mellora significativas en áreas de especial relevancia para a xestión provincial, singularmente en materia de subvencións, administración electrónica, xestión económico-financeira, xestión patrimonial, ciberseguridade e organización do sistema de control interno.

En materia de subvencións, advírtese na necesidade de continuar avanzando na simplificación, homoxeneización e mellora da tramitación, así como na completa implantación do expediente electrónico. Xunto a isto, reitérase a necesidade de aprobar un Plan Estratéxico de Subvencións e de revisar determinadas liñas con múltiples beneficiarios e importes reducidos, valorando o seu mantemento tamén desde a perspectiva da eficiencia administrativa. Igualmente, considérase conveniente revisar a Ordenanza xeral, os modelos de bases reguladoras en concorrencia competitiva, así como o contido dos convenios correspondentes a subvencións nominativas e directas, incorporando unha regulación máis detallada e homoxénea consonte coas recomendacións formuladas en materia de control financeiro. Recoméndase tamén unificar, na medida do posible, os modelos de solicitude, xustificación e requirimento, sen prexuízo das especialidades propias de cada liña.

En relación coa administración electrónica, considérase necesario seguir avanzando nun proceso de transformación dixital integral orientado á simplificación da tramitación administrativa, ao mellor cumprimento das esixencias legais e dos mecanismos de control, e á mellora da experiencia da cidadanía na súa relación coa Administración. Para acadar unha redución efectiva dos tempos de tramitación, resulta preciso continuar coa definición e categorización dos distintos tipos de expedientes e subexpedientes, coa revisión e automatización dos circuitos de tramitación e coa utilización sistemática da sinatura electrónica en todos os trámites en que resulte procedente.

Neste contexto, recoméndase abordar nos vindeiros exercicios unha revisión integral dos procedementos e circuitos de tramitación en tres áreas de especial relevancia e carácter transversal: contratación pública, subvencións e procedementos en materia de persoal. No relativo aos dous primeiros ámbitos, resulta especialmente conveniente avanzar no deseño de expedientes e circuitos intelixentes que permitan unha mellor estruturación, explotación e control da información mediante a definición de datos básicos normalizados e reutilizables ao longo de todo o procedemento.

Así mesmo, considérase oportuno continuar co estudo e análise das posibilidades que ofrecen as novas ferramentas de análise de datos e intelixencia artificial, tanto como apoio á xestión pública como á mellora dos sistemas de control e toma de decisións, sempre baixo criterios de seguridade, legalidade, transparencia, trazabilidade e supervisión humana.

No ámbito da contabilidade, cómpre salientar que durante o exercicio 2025 se produciu un avance moi relevante coa implantación do novo sistema de xestión económico-financeira e patrimonial, actuación xa recomendada en informes-resumo anteriores e incluída nos sucesivos plans de acción. A implantación resultou complexa pola necesidade de integración co xestor de expedientes e pola revisión de múltiples circuitos de tramitación, pero permitiu introducir melloras procedementais e avanzar na automatización de trámites e documentos contables, singularmente nos expedientes tramitados en relacións. Non obstante, continúa sendo necesario seguir avanzando na resolución de incidencias de parametrización e integración, así como na revisión da contabilidade patrimonial e na súa conciliación co inventario.

En relación coa xestión patrimonial, persisten necesidades relevantes tanto desde a perspectiva organizativa como técnica. A consecución dun sistema de xestión patrimonial plenamente operativo



require completar a correcta parametrización da aplicación, adaptar os manuais de xestión ao novo contorno tecnolóxico, reforzar os medios persoais dispoñibles e implantar un modelo de funcionamento que permita unha xestión máis áxil e descentralizada das altas patrimoniais, con supervisión da área competente. Así mesmo, considérase prioritario avanzar na vinculación efectiva entre a xestión patrimonial e a contabilidade, de forma que non poida progresarse na fase de recoñecemento da obriga ou no pagamento sen o previo enlace coa correspondente ficha patrimonial. Do mesmo xeito, continúa sendo necesario abordar a depuración dos datos históricos do inventario e a súa conciliación coa contabilidade económico-patrimonial.

En materia de ciberseguridade, durante o exercicio 2025 impulsáronse actuacións relevantes para reforzar a seguridade dos sistemas da Deputación e avanzar na adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS) en nivel medio. Neste contexto, definíronse instrumentos básicos de organización e xestión da seguridade, realizáronse análises de situación e de riscos, reforzáronse os mecanismos de control mediante auditorías periódicas e implantáronse novas ferramentas de protección e resposta fronte a ameazas. Como resultado, superouse a auditoría de certificación do ENS, completándose xa en 2026 o plan de accións correctivas cun informe favorable sen non conformidades, paso previo á obtención da certificación. Sen prexuízo destes avances, trátase dun ámbito que require continuidade e actualización permanente, polo que resulta necesario manter esta materia como liña prioritaria de actuación.

Finalmente, no que atinxe ao propio sistema de fiscalización e control financeiro, considérase necesario seguir avanzando na súa modernización e fortalecemento. En particular, recoméndase ampliar progresivamente o ámbito material do control financeiro, de forma que chegue a abranguer a totalidade dos supostos de control posterior obrigatorio e incorpore de maneira sistemáticamente novas áreas, de acordo cun enfoque baseado en riscos. Así mesmo, estímase conveniente estudar e revisar o actual modelo de fiscalización previa, valorando a posible implantación dun sistema de fiscalización previa limitada en determinadas áreas ou procedementos, complementado cun reforzo do control financeiro posterior, co fin de optimizar os recursos dispoñibles e mellorar a eficacia global do sistema de control interno.

Neste mesmo sentido, considérase necesario continuar avanzando na implantación de ferramentas de análise, tratamento e explotación de datos que reforcen as funcións de supervisión e avaliación da actividade económico-financieira. A este respecto, recoméndase valorar a implantación dun cadro de mando que permita explotar e presentar de forma sistemática a información derivada da actividade de control, tanto de forma agregada como desagregada, facilitando o seguimento das incidencias detectadas, a elaboración dunha matriz de riscos e a planificación das futuras actuacións de control.

III.3. Auditoría pública

No ámbito da auditoría pública, e en particular no relativo ás entidades dependentes, os informes emitidos continúan poñendo de manifesto deficiencias relevantes vinculadas, de forma principal, á ausencia dunha axeitada xestión patrimonial, tanto no plano do inventario como no contable.

En consecuencia, considérase prioritario que as entidades dependentes acometan a actualización do inventario e regularicen, se é o caso, as cesións e adscricións que resulten procedentes, de modo que se poida dispoñer dunha base patrimonial fiable e adecuadamente reflectida na contabilidade.

No caso concreto da Escola de Enfermería, recoméndase ademais impulsar de forma decidida o proceso de transferencia á Universidade, ao constituír esta medida un elemento relevante para a clarificación do seu marco organizativo e funcional.

III.4. Consideración final

Con carácter xeral, cómpre sinalar que a efectiva corrección de moitas das deficiencias detectadas e o avance sostido nos procesos de mellora e modernización administrativa esixen non só a adopción de medidas técnicas ou procedementais, senón tamén unha dotación suficiente de medios persoais e organizativos. A complexidade crecente da xestión, a intensificación das obrigas legais e tecnolóxicas e a necesidade de compatibilizar a actividade ordinaria cos procesos de transformación administrativa fan



recomendable reforzar a planificación, a coordinación interdepartamental e a asignación de recursos especializados para garantir un maior grao de cumprimento dos obxectivos de mellora.

IV. MEDIDAS PROPOSTAS PARA INCLUIR NO PLAN DE ACCIÓN

Segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, corresponde á Presidenta da Deputación a formación dun Plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe resumo dos resultados do control interno, elaborado pola Intervención.

O plan de acción elaborárase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión deste informe resume ao Pleno e conterá as medidas de corrección a adoptar, os medios para consecución dos mesmos e os responsables de implementalas, así como e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

Unha vez elaborado, o plan de acción será remitido ao órgano interventor, que valorará a súa adecuación para solventar as deficiencias sinaladas e, no seu caso, os resultados obtidos, e informará ao Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económico financeira.

IV.1. Medidas propostas

As medidas propostas por esta Intervención se corresponden con actuacións referidas ou con incidencia no ámbito de xestión económico – orzamentario, control e contabilidade que competen a este órgano, sen prexuízo doutras actuacións que, no seu caso, en base as conclusión e recomendacións deste Informe, sexan acordadas polo órgano competente e incorporadas ao Plan de acción.

Para unha mellor ordenación e comprensión do conxunto de iniciativas identificadas, as actuacións propostas sistematízanse en cinco bloques, atendendo ao seu carácter transversal, ao seu impacto na modernización da xestión interna, á súa incidencia sobre ámbitos procedementais específicos, referidas ao control interno e á súa proxección sobre o sector público institucional dependente.

IV.1.1. Actuacións transversais de desenvolvemento tecnolóxico e modernización administrativa:

- Ciberseguridade.
- Desenvolvemento dun xestor de tarefas integrado no sistema de xestión de expedientes
- Parametrización de datos e incorporación de ferramentas de intelixencia artificial na xestión de expedientes.

IV.1.2. Actuacións de modernización dos sistemas de xestión:

- Modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas
- Revisión dos procedementos de xestión de ingresos e expedientes relacionados.

IV.1.3.. Actuacións de revisión de procedementos:

- Regularización da xestión patrimonial
- Dixitalización da tramitación dos procedementos de concesión e xustificación de subvencións
- Dixitalización do anexo de orzamentos dos proxectos de obra e certificacións
- Revisión dos procedementos de xestión de ingresos e expedientes relacionados.



IV.1.4. Actuacións de revisión e reforzo do control interno:

- Revisión e modernización dos procedementos de fiscalización e control financeiro.

IV.1.5. Actuacións relativas ao sector público institucional:

- Entidades adscritas ou dependentes

A partir desta sistematización, as actuacións propostas desenvólvense seguidamente conforme á orde indicada.

IV.1.1. Actuacións transversais de desenvolvemento tecnolóxico e modernización administrativa

1. Ciberseguridade

Durante o ano 2025, o servizo de Novas Tecnoloxías impulsou diversas actuacións para reforzar a ciberseguridade na Deputación de Pontevedra, avanzando na adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS) en nivel medio. Neste contexto, realizouse unha análise de situación dos sistemas, definiuse un plan de adecuación, aprobouse a política de seguridade da información e establecéronse roles e responsabilidades. Así mesmo, desenvolveuse unha análise de riscos que permitiu priorizar medidas, elaboráronse normativas e procedementos internos, e leváronse a cabo accións de formación e concienciación. Como resultado, superouse a auditoría de certificación ENS, completándose xa en 2026 o plan de accións correctivas cun informe favorable sen non conformidades, paso previo á obtención da certificación ENS.

En paralelo, reforzouse o control e a mellora continua mediante auditorías mensuais en colaboración coa AMTEGA e auditorías específicas sobre sistemas críticos (infraestrutura de rede, aplicacións corporativas e probas de enxeñería social). Ademais, implantouse a solución avanzada de protección de dispositivos para detectar, investigar e deter ciberataques (Palo Alto Cortex XDR), mellorando as capacidades de detección e resposta ante ameazas.

Actuacións propostas:

De cara a 2026, prevese polo Servizo de Novas Tecnoloxías consolidar este avance coa modernización da plataforma de portais web e o despregue dunha ferramenta de seguridade para filtrar, monitorizar e bloquear o tráfico HTTP/HTTPS malicioso entre unha aplicación web e Internet (Web Application Firewall (WAF)) proporcionado polo Centro de Operacións de Ciberseguridade para Entidades Locais do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública. Continuarase coa implantación de medidas prioritarias do ENS (incluíndo listas de navegación do CCN-CERT e reforzo de contornas Citrix), así como co ciclo de mellora continua mediante auditoría interna anual para o mantemento da certificación. Ademais, mediante acordo marco coa AMTEGA, ofrecerase aos concellos o servizo de adecuación ao ENS, promovendo a extensión das boas prácticas en ciberseguridade no ámbito local.

2. Xestor de tarefas

Unha demanda xeneralizada manifestada polos distintos centros xestores e polos servizos transversais é a dispoñibilidade, dentro do propio sistema de xestión de expedientes, dun xestor de tarefas ou ferramenta de seguimento da tramitación, que permita mellorar a coordinación e comunicación entre os distintos servizos implicados na tramitación administrativa.

Esta ferramenta debería permitir a asignación, petición e resolución de tarefas ou trámites entre os distintos órganos ou unidades administrativas, facilitando a comunicación interna e o seguimento do estado de tramitación dos expedientes e das actuacións pendentes en cada fase do procedemento.

Así mesmo, o sistema debería permitir a obtención e explotación de información relativa ao estado de tramitación dos expedientes, aos tempos de emisión de informes, ao seguimento das devolucións de expedientes ou requirimentos formulados, así como ao grao de cumprimento destes.



A implantación dun xestor de tarefas integrado no sistema de xestión de expedientes constituiría unha ferramenta especialmente útil para mellorar a comunicación interna na tramitación administrativa, facilitar o seguimento dos expedientes e medir os tempos de resposta das distintas unidades administrativas. Do mesmo xeito, permitiría identificar posibles demoras ou incidencias na tramitación, contribuíndo á detección de puntos críticos ou cuellos de botella nos procedementos administrativos.

A información xerada por este sistema podería servir igualmente de base para a elaboración de cadros de mando de xestión, permitindo a análise sistemática dos tempos de tramitación, a distribución das cargas de traballo e o seguimento da actividade dos distintos servizos implicados.

Igualmente, a información obtida a través desta ferramenta podería resultar de utilidade para a avaliación do funcionamento dos servizos, para o seguimento das modalidades de prestación do traballo (incluído o teletraballo) e, no seu caso, para apoiar o deseño de mecanismos de avaliación do desempeño ou de sistemas de retribución complementaria vinculados á actividade desenvolvida.

En definitiva, a implantación dunha ferramenta deste tipo permitiría avanzar cara a un modelo de xestión administrativa máis transparente, trazable e orientado á mellora continua, facilitando a supervisión dos procedementos, a análise dos tempos de tramitación e o reforzo dos mecanismos de control interno, contribuíndo así a unha maior eficiencia no funcionamento da organización administrativa.

Actuacións propostas:

Desenvolvemento no programa CIVIDAS dun xestor de tarefas como ferramenta de comunicación, petición e cumprimento de trámites, seguimento de expedientes e avaliación do desempeño.

Esta tarefa executaríase polo Servizo de Noas Tecnoloxías, coa colaboración da Intervención e da Secretaría, e no seu caso, dos diferentes centros xestores.

3. Parametrización de datos e incorporación de ferramentas de intelixencia artificial na xestión de expedientes

Outra necesidade que vén determinada tanto polo contexto actual da administración electrónica como pola propia evolución tecnolóxica é a de avanzar no tratamento estruturado dos datos que obran no xestor de expedientes, de xeito que a información incorporada ao sistema poida ser non só conservada, senón tamén reutilizada, explotada, relacionada e sometida a validacións automáticas ao longo de todo o procedemento.

O xestor de expedientes contén unha cantidade moi relevante de información administrativa, económica e procedemental, en boa medida xa integrada con outros sistemas corporativos, singularmente co sistema contable e con outras aplicacións de soporte á xestión. Porén, a utilidade efectiva desa información continúa sendo limitada desde a perspectiva da súa explotación ordinaria polos distintos centros xestores, o que impide aproveitar plenamente o potencial do sistema como ferramenta de tramitación, control, seguimento e apoio á toma de decisións.

Resulta, por tanto, necesario reforzar o tratamento dos datos existentes no xestor, mediante a súa identificación, estruturación, parametrización e etiquetaxe funcional, de maneira que os datos relevantes de cada expediente poidan incorporarse automaticamente a trámites sucesivos, alimentar documentos posteriores, activar controis de coherencia e facilitar a explotación transversal da información. Esta evolución permitiría reducir tarefas repetitivas, evitar a reintrodución manual de datos, acurtar tempos de tramitación e diminuír o risco de erros materiais ou contradicións entre os distintos actos do expediente.

Sobre esta base, e unha vez garantida a adecuada calidade e estruturación da información, debería valorarse tamén a incorporación progresiva de ferramentas de intelixencia artificial de carácter asistencial, orientadas á simplificación e ao avance na tramitación administrativa, especialmente naqueles expedientes que presentan un maior grao de estandarización procedemental, reiteración de trámites e utilización de documentos de contido semellante.

Estas ferramentas poderían empregarse, entre outras finalidades, para asistir na elaboración de documentos e trámites, propoñer a incorporación automática de datos xa existentes no expediente,



detectar omisións ou incoherencias, advertir sobre a necesidade de trámites complementarios, xerar alertas ante desviacións respecto dos datos estruturantes do procedemento e facilitar a revisión de expedientes de acordo con regras previamente definidas. En ningún caso se trataría de substituír o criterio técnico, xurídico ou de control dos empregados públicos, senón de dotar á organización de instrumentos de apoio que melloren a eficiencia, a uniformidade da tramitación e a capacidade de supervisión.

A utilidade destas solucións resulta particularmente evidente nos procedementos de tramitación máis repetitiva ou normalizada, nos que a secuencia de actuacións, os documentos empregados e os extremos a comprobar responden a patróns relativamente estables. Nestes supostos, o tratamento avanzado dos datos e o apoio de ferramentas de intelixencia artificial poden contribuír de maneira especialmente intensa á simplificación administrativa, á homoxeneización dos procesos, ao reforzo do control interno e á redución de cargas de traballo de escaso valor engadido.

En consecuencia, considérase preciso impulsar unha evolución do xestor de expedientes que permita pasar dun modelo centrado principalmente no depósito documental a outro baseado no tratamento intelixente da información, na reutilización dos datos, na automatización de tarefas, na asistencia á tramitación e na mellora continua dos mecanismos de control e seguimento

IV.1.. Actuacións de modernización da xestión interna e dos sistemas corporativos

4. Modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas

Os sistemas de xestión de persoal constitúen ferramentas esenciais para a administración dos recursos humanos nas administracións públicas, ao dar soporte a procesos clave como a selección e provisión de postos, a xestión de nóminas, o control horario e de incidencias, a planificación de efectivos, o desenvolvemento profesional e a elaboración e seguimento do gasto de persoal.

O actual nivel de complexidade organizativa das entidades públicas de maior dimensión esixe dispoñer de plataformas integrais de xestión de persoal, capaces de centralizar, estruturar e explotar a información relevante, así como de integrarse axeitadamente cos restantes sistemas corporativos, en particular coa contabilidade, o xestor de expedientes e outras aplicacións de soporte á xestión. Esta integración resulta necesaria para mellorar a eficacia, a eficiencia e a fiabilidade dos procesos administrativos vinculados ao persoal.

No caso desta entidade, o volume de efectivos, a elevada rotación en determinados ámbitos e a diversidade de incidencias que afectan á xestión ordinaria (entre outras: complementos retributivos variables, desprazamentos, diferentes réximes de xornada, quendas, horarios e outras situacións administrativas) poñen de manifesto a conveniencia de avanzar cara a un modelo máis moderno, automatizado e integrado de xestión de persoal e nóminas.

A implantación dun sistema máis avanzado permitiría mellorar a xestión das incidencias e variacións con repercusión en nómina, reforzar a trazabilidade e control dos datos, reducir tarefas manuais e riscos de erro, facilitar a coordinación entre os servizos implicados e obter información máis fiable para a planificación, o control do gasto e a toma de decisións. Todo iso, sen prexuízo de que a complexidade propia desta materia e a dimensión do colectivo afectado esixan unha planificación coidadosa do proceso de modernización e da transición ao novo modelo.

Actuacións propostas

- Análise e revisión integral do actual sistema de xestión de persoal e nóminas, coa finalidade de identificar as súas limitacións funcionais, necesidades de adaptación e posibilidades de integración cos restantes sistemas corporativos.
- Deseño e implantación dun modelo avanzado e integrado de xestión de persoal e nóminas, que permita automatizar procesos, mellorar a xestión das incidencias e reforzar a coordinación coa contabilidade, o xestor de expedientes e os sistemas de control interno.



A execución desta actuación debería ser liderada polo servizo competente en materia de persoal, coa participación do Servizo de Novas Tecnoloxías no relativo á implantación tecnolóxica e integración dos sistemas, e coa colaboración da Intervención no que atinxe ás implicacións económico-orzamentarias e de control.

IV.1.3. Actuacións de revisión de procedementos sectoriais

5. Regularización da xestión patrimonial.

No que respecta aos medios materiais, a implantación dun software de xestión patrimonial constitúe un instrumento necesario para unha levanza axeitada do inventario e consecución efectiva da coordinación contable e patrimonial.

Non en tanto, a aplicación non solventa outras cuestións como abordar a estrutura organizativa e o modelo centralizado/descentralizado de xestión coa dotación de medios necesaria e a revisión retroactiva do inventario así como a súa conciliación co patrimonio contabilizado ata a data.

Actuacións propostas

O seguinte obxectivo prioritario neste ámbito é o de acadar unha conciliación contable e patrimonial. Actualmente o patrimonio rexistrado na contabilidade difire substancialmente dos datos obrantes no Inventario.

A consecución deste obxecto esixe traballar en dúas liñas de accións:

- Conciliación anual (exercicio 2025 e seguintes). Para acadar a conciliación anual das baixas, altas e modificacións con incidencia económico-patrimonial rexistradas contablemente e no inventario, resulta preciso dispoñer dun nexo de enlace na xestión de facturas e certificación co inventario. Considerando que a tramitación das facturas e certificacións se realiza a través do xestor (CIVIDAS) hai que desenvolver traballos de programación que permitan reproducir a "liña" contable da factura/certificación referida á "ficha de inventario" no xestor. En tanto non se habilite dita opción esta conciliación estase a realizar de xeito manual. A experiencia práctica no 2025 amosou problemas de coordinación e discrepancia dos datos contables co Inventario de levanza polo servizo de Contratación (Patrimonio) de xeito que urxe a execución da implantación en CIVIDAS do enlace entre ambos sistemas.

Esta tarefa executaríase polo Servizo de Novas Tecnoloxías, coa supervisión da Intervención e colaboración do Servizo de Contratación (Patrimonio)

- Conciliación dos datos históricos (referenciados a 31/12/2024). A execución destes traballos esixe unha revisión da contabilidade dos últimos anos (proposta dos dez últimos anos) e o seu contraste coa documentación incorporada ao inventario.

A complexidade destes traballos aconsella dispoñer dunha asistencia técnica especializada que asesore e coordine a execución, baixo a dirección do servizo de Contratación (Patrimonio) e colaboración da Intervención para subministración da información contable.

6. Subvencións.

A homoxeneización da normativa aplicable, así como dos modelos documentais e formularios utilizados, reviste unha especial relevancia a efectos de garantir a coherencia e uniformidade dos procedementos, evitando sesgos ou diferenzas inxustificadas tanto na tramitación como nos requisitos e condicionantes exigidos, tanto respecto das persoas ou entidades beneficiarias como dos distintos centros xestores.

Sen perder de vista a necesidade e importancia destas actuacións, o incremento da eficiencia administrativa neste ámbito require igualmente avanzar nun proceso significativo de dixitalización dos procedementos, que permita, entre outros aspectos a automatización do cálculo das posibles



desviacións nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, a aplicación automatizada dos criterios de reparto das subvencións, e o deseño dun modelo dixital estruturado para a incorporación da documentación xustificativa por parte dos beneficiarios.

Así mesmo, considérase conveniente analizar a posibilidade de introducir mecanismos de verificación e tramitación automatizada en determinados procedementos de subvencións de menor complexidade, especialmente naqueles caracterizados por un elevado número de beneficiarios e por importes individuais reducidos, nos que a proporción entre os recursos administrativos empregados e os resultados obtidos pode resultar pouco eficiente.

Finalmente, estímase de interese promover o estudo e implantación progresiva de ferramentas avanzadas de análise e explotación de datos e de intelixencia artificial, que permitan mellorar os procesos de revisión e control das subvencións, facilitar a detección de incidencias ou anomalías nas xustificacións presentadas e reforzar a capacidade de seguimento e avaliación das políticas públicas financiadas mediante subvencións.

Actuacións propostas:

- Elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións, a efectos de dar cumprimento ás previsións establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas e de dotar dun marco formal de referencia á actividade subvencional da entidade.
- Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral de Subvencións e Bases de Execución do Orzamento), co obxecto de resolver de forma expresa determinadas deficiencias ou problemas interpretativos detectados nas fases de fiscalización e control financeiro das subvencións.
- Deseño e aprobación de modelos normalizados de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas, que permitan homoxeneizar os contidos esenciais destes instrumentos e facilitar a súa tramitación administrativa.
- Revisión dos expedientes electrónicos, formularios e circuítos de tramitación, mediante a estandarización de procesos e documentos, así como a configuración de trámites e circuítos automatizados, co obxecto de acadar unha maior celeridade na tramitación e un mellor control dos expedientes.

7. Revisión dos procedementos de xestión de ingresos e expedientes relacionados.

Recoméndase realizar unha revisión dos procedementos en materia de xestión de ingresos. A revisión debe ter por obxecto a mellora e simplificación dos procedementos, tramitación electrónica dos mesmos, cumprimento da legalidade, revisión do procedemento de control, e maior facilidade de uso e de pago pola cidadanía.

A revisión conleva necesariamente unha actividade de programación, polo que ao non contar a Intervención con persoal con coñecementos nesta materia, resulta indispensable á asistencia do servizo de Novas Tecnoloxías. A participación da Tesouraría sería importante, principalmente para definición e programación da tramitación recadatoria para ingresos propios (medios de pagamento, aprazamentos, fraccionamentos e executiva).

No que atinxe ao servizo de publicacións no Boletín, a revisión do procedemento de xestión e pago debe acompañarse dunha revisión organizativa con cambio de adscrición (actualmente adscrito a esta Intervención), en tanto que debe ser integrado no servizo que corresponda acorde coa súa natureza, sen prexuízo das tarefas que, en materia de xestión de ingresos do Boletín, continúen a ser xestionadas pola Intervención e/ou Tesouraría.

Actuacións propostas:

- Deseño e implantación dun procedemento automatizado e de tramitación integramente electrónica en materia de xestión de anuncios no BOP.
- Cambio de adscrición do procedemento de xestión de anuncios no BOP.



- Revisión da regulación (ordenanza/acordo regulador) dos principais ingresos de carácter recorrente desta Deputación coa finalidade de mellora da regulación e simplificación e automatización dos procesos de xestión e pagamento.
- Deseño e revisión dos procedementos e circuitos xerais en materia de ingresos.

As tarefas propostas executaríanse polo Servizo de Novas Tecnoloxías baixo a dirección funcional e supervisión da Intervención e/ou Tesouraría.

8. Dixitalización do anexo de orzamentos dos proxectos de obra e certificacións

Desde hai un par de anos iniciouse un traballo conxunto da Intervención e do Servizo de Novas Tecnoloxías para o desenvolvemento dun módulo electrónico de certificacións. O módulo partiría do anexo de orzamentos do proxecto en formato electrónico, permitindo de xeito automático o cálculo de variacións, grao de execución, tramitación de modificacións, reducindo notablemente o risco de erro e simplificando as tarefas de xestión e control, das que se beneficiarían especialmente os centros xestores. A carga de traballo dos servizos implicados e atención doutros proxectos impediu continuar no deseño do procedemento.

O carácter transversal da tramitación (centros xestores, Contratación, Secretaria, Intervención e Tesouraría) xustifica a necesidade de avanzar neste proxecto que, no seu caso, e en función dos medios que se adscriban e réxime de prioridades, podería incluírse nunha revisión completa dos expedientes de contratación.

Actuacións propostas:

- Deseño e implantación dun módulo electrónico de certificacións integrado co xestor de expedientes.

As tarefas propostas executaríanse polo Servizo de Novas Tecnoloxías baixo a dirección funcional da Intervención e coa colaboración dos servizos de Infraestruturas, Cooperación e Arquitectura. No suposto de encadrarse nun proxecto mais ambicioso de revisión global do expediente de contratación, precisaríase da colaboración do Servizo de Contratación.

IV.1.4. Actuacións de revisión e reforzo do control interno.

9. Fiscalización e control financeiro:

No que atinxe ao exercicio das funcións de fiscalización e control financeiro que corresponden á Intervención, o contexto actual esixe abordar, a medio prazo, unha evolución do modelo de control, necesariamente apoiada nun proceso de modernización tecnolóxica e adaptación dos sistemas de información.

Nos últimos anos produciuse un incremento moi significativo do volume de expedientes sometidos a control, ao que se engade a aparición de novas liñas de subvención, moitas delas caracterizadas pola súa elevada fragmentación, contías individuais reducidas e un número moi elevado de beneficiarios. Esta realidade diminúe notablemente a eficiencia dos sistemas tradicionais de control, ao xerar unha carga de traballo moi intensa para expedientes de escasa contía individual. A isto súmase o aumento de proxectos e contratos financiados con fondos europeos, que incorporan maiores exixencias de seguimento, trazabilidade e verificación.

Así mesmo, os novos canles de información e o contexto definido pola dixitalización e polas novas tecnoloxías comportan unha demanda crecente de maior celeridade e inmediatez na tramitación e resolución dos expedientes, o que debe compatibilizarse coa existencia de mecanismos que permitan garantir un control suficiente, serio e razoable, sen incremento do risco de incumprimentos nin da súa falta de detección.



En consecuencia, resulta necesario incrementar a eficiencia e a axilidade dos procesos de control, mantendo e mesmo reforzando a súa eficacia. O aumento do volume de expedientes suxeitos a fiscalización aconsella avanzar cara a un modelo xeneralizado de fiscalización previa limitada, complementado cun control financeiro concomitante ou posterior, en función dos riscos identificados en cada ámbito ou tipoloxía de expediente.

A implantación deste modelo require, en primeiro lugar, a definición de modelos de fiscalización axeitados, construídos a partir dos requisitos mínimos establecidos pola normativa básica estatal, pero enriquecidos con aqueles extremos adicionais que, á vista da experiencia acumulada pola entidade, se consideren esenciais para garantir un control efectivo e proporcionado.

Do mesmo xeito, resulta preciso que estes modelos sexan dixitalizados e integrados nos sistemas de xestión, incorporando unha adecuada tipificación de riscos, incidencias e causas de incumprimento, de maneira que poidan establecerse alertas automáticas e criterios obxectivos que determinen, segundo o nivel de risco apreciado, a procedencia dun control financeiro concomitante ou, no seu caso, a súa inclusión en actuacións de control financeiro posterior, mediante técnicas de mostraxe, revisión selectiva ou auditoría.

Debe avanzarse tamén na creación dun repositorio estruturado dos informes, reparos, observacións e resultados das actuacións de control da Intervención, que permita a súa conservación ordenada, consulta, explotación e tratamento como ferramenta de control interno, de seguimento da actividade e de rendición interna e externa dos resultados obtidos. Este repositorio debe constituír, ademais, unha fonte esencial para a análise de riscos e para a elaboración dos correspondentes plans anuais de control financeiro.

O modelo óptimo pasa por que este tratamento estruturado da información se apoie, na medida do posible, nos datos xa definidos, parametrizados e reutilizables dentro do propio xestor de expedientes, de xeito que tanto os modelos de informe como o repositorio e a explotación da información se integren no sistema corporativo de xestión, evitando solucións paralelas ou módulos independentes que dificulten a coherencia, a interoperabilidade e o aproveitamento da información xa existente.

Neste sentido, a implantación das actuacións propostas en materia de parametrización, estruturación e explotación dos datos do expediente constitúe un presuposto esencial para avanzar cara a un modelo de control máis moderno, eficiente e baseado en riscos. A mellora da eficiencia na fiscalización previa permitiría, ademais, liberar recursos e dispoñer de maiores medios para o desenvolvemento do control financeiro, que podería beneficiarse igualmente dos datos estruturados xa incorporados na fase de tramitación e fiscalización, simplificando notablemente os traballos de revisión e incrementando de forma significativa a eficiencia e alcance destas actuacións.

Actuacións propostas:

Modernización da fiscalización e do control financeiro da Intervención mediante un modelo máis áxil e baseado en riscos, apoiado na dixitalización, na automatización de alertas e no aproveitamento dos datos estruturados do xestor de expedientes, co fin de mellorar a eficiencia do control, reforzar a súa eficacia e facilitar a planificación das actuacións de control financeiro.

A actuación executaríase pola Intervención Provincial, coa asistencia e colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías no relativo á súa implantación tecnolóxica e á integración cos sistemas corporativos.

IV.1.5. Actuacións relativas ao sector público institucional:

10. Entidades adscritas ou dependentes.

A xustificación da denegación da opinión nas auditorías das contas das entidades adscritas e dependentes obedece a falta de implantación dunha xestión patrimonial e inexistencia dun inventario actualizado patrimonial e contable.



En atención as deficiencias referidas na auditoría no que atinxe á falta de documentación, acordos de adscrición, cesión ou titularidade de certos bens, deberá levarase a cabo simultaneamente un proceso de revisión e actualización do Inventario con regularización da situación xurídica dos bens que corresponda.

Así mesmo, e considerando a competencia impropia que se vén exercendo respecto da Escola de Enfermería deberase iniciar e/ou impulsar o procedemento de transferencia da Escola.

Actuacións propostas

- Deseño e execución da revisión e regularización do Inventario das entidades adscritas e dependentes.
- Inicio das actuacións para promover a transferencia da Escola de Enfermería.

IV.2. Actuacións correctoras xa implementadas ou en trámite.

IV.2.1. Sistema de xestión económico-financeira e patrimonial.

Durante o exercicio 2025 levouse a cabo a implantación dos novos sistemas de xestión económico-financeira da Deputación, mediante a posta en funcionamento das novas aplicacións de contabilidade e xestión patrimonial. Este proceso resultou especialmente complexo e dilatado, tanto pola dificultade inherente á migración de datos como polas numerosas incidencias detectadas, que esixiron durante varios meses tarefas de revisión, depuración e corrección, así como traballos de integración e conectividade co xestor de expedientes.

Malia estas dificultades, a implantación dos novos sistemas permitiu non só restablecer procedementos que requirían a interacción entre distintas aplicacións, senón tamén introducir melloras na tramitación administrativa. Así, avanzouse na automatización da xeración de determinados trámites e documentos contables, singularmente nos expedientes REL, e corrixíronse determinados circuitos de tramitación que presentaban disfuncións, como no caso das certificacións.

Así mesmo, e á vista da relevancia dos erros detectados durante a migración, realizouse no mes de novembro unha simulación do peche do exercicio, co obxecto de identificar incidencias e proceder á súa revisión e corrección antes do peche ordinario.

En consecuencia, e sen prexuízo da necesidade de continuar revisando procedementos, automatizando trámites e perfeccionando determinados circuitos de xestión, pode considerarse substancialmente executada e satisfactoriamente culminada a actuación relativa á modernización do sistema de xestión económico-financeira da Deputación, xa iniciada en plans de acción anteriores. Unicamente debe exceptuarse desta valoración a plena implantación da interacción entre o sistema contable e o sistema de xestión patrimonial con carácter previo á aprobación das facturas, actuación que permanece pendente de completa execución.

IV.2.2. Conciliación contabilidade-patrimonio.

En relación co obxectivo de conciliación entre contabilidade e patrimonio, cómpre diferenciar entre a conciliación histórica xeral, referida á situación existente a 31 de decembro de 2024, e a conciliación anual correspondente ao exercicio 2025.

Respecto da conciliación histórica xeral, estaba prevista a contratación dunha asistencia externa que colaborase na execución destes traballos. Porén, esta actuación, atribuída ao ámbito de Patrimonio, non chegou a executarse durante o exercicio 2025.

En canto á conciliación anual do exercicio 2025, a falta de implantación da conexión entre o sistema contable e o sistema de xestión do inventario impediu dispoñer do mecanismo de conciliación case automática inicialmente previsto. Por este motivo, a conciliación tivo que realizarse manualmente, persistindo ao peche do exercicio determinados desaxustes pendentes de revisión e corrección.



En consecuencia, esta actuación debe considerarse en trámite, con avances parciais, pero sen que poida entenderse acadado aínda o obxectivo de conciliación entre ambos os sistemas.

IV.2.3. Desenvolvementos no xestor de expedientes CIVIDAS

No que se refire aos desenvolvementos previstos no xestor de expedientes CIVIDAS, durante o exercicio 2025 non chegaron a executarse de maneira efectiva as actuacións previstas, sen prexuízo dos traballos de revisión, análise e definición técnica levados a cabo polo Servizo de Novas Tecnoloxías para preparar a súa implantación posterior.

En particular, o sistema de xestión de tarefas, identificado polos centros xestores como unha ferramenta prioritaria para mellorar a coordinación interna e o seguimento da tramitación, continúa pendente, aínda que existe previsión de inicio dos traballos no segundo trimestre do ano en curso.

Pola súa banda, o expediente de órganos colexiados presenta un grao de avance relevante, se ben permanece pendente de finalización e implantación efectiva, prevéndose a súa conclusión no segundo semestre do ano.

No relativo ás operacións automatizadas, cómpre sinalar que, no marco da implantación dos novos sistemas de xestión económico-financeira, xa se produciron avances efectivos na automatización de determinados trámites e documentos contables, especialmente nos expedientes REL. Non obstante, esta actuación debe seguir ampliándose e perfeccionándose na medida que avance a configuración doutros procedementos.

O desenvolvemento dos expedientes de subvencións permanece igualmente pendente de execución.

En materia de intelixencia artificial, durante este período analizáronse e probáronse diversas ferramentas, atopándose a Deputación nunha fase inicial de exploración e toma de contacto. Estanse a valorar distintas solucións, as súas posibles utilidades, a súa integración cos sistemas corporativos e as condicións necesarias para a súa eventual implantación, sen perder de vista as esixencias en materia de seguridade da información e protección de datos.

IV.2.4. Modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas

No ámbito da modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas, durante o exercicio 2025 púxose en funcionamento un novo sistema de fichaxes e o portal do empregado, o que supón un primeiro avance dentro do proceso de renovación previsto. Non obstante, permanecen pendentes de execución outras actuacións comprendidas neste proxecto, que deberán continuar desenvolvéndose conforme á programación que se determine.

V. VALORACIÓN DA EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN 2025.

A execución do Plan de acción 2025 presenta un grao de cumprimento desigual segundo as distintas liñas de actuación previstas, aínda que pode valorarse globalmente como parcialmente satisfactoria.

A principal actuación contemplada no Plan, relativa á modernización do sistema de xestión económico-financeira e patrimonial, foi executada na súa parte esencial, ao terse implantado efectivamente os novos sistemas de contabilidade e xestión patrimonial. Trátase dunha actuación de carácter estratéxico e de especial complexidade técnica e organizativa, cuxa execución esixiu un esforzo moi relevante de adaptación, revisión e corrección de incidencias. Desde esta perspectiva, debe considerarse cumprido o obxectivo principal desta liña de actuación, aínda que subsisten tarefas pendentes de axuste, mellora procedemental e integración completa entre sistemas, especialmente no relativo á interacción entre contabilidade e patrimonio con carácter previo á aprobación das facturas.

Pola contra, o grao de execución foi menor noutros obxectivos igualmente relevantes. En particular, non chegou a executarse a contratación da asistencia externa prevista para abordar a conciliación histórica xeral entre contabilidade e patrimonio, e a conciliación correspondente ao exercicio 2025 só puido realizarse de forma manual e incompleta, ao non atoparse aínda implantada a conexión entre o sistema



contable e o inventario. Tampouco se materializaron durante 2025 os desenvolvementos previstos en CIVIDAS, aínda que si se realizaron actuacións preparatorias e de análise que permiten considerar estas medidas en trámite. Do mesmo xeito, no ámbito da modernización da xestión de persoal e nóminas, os avances producidos non abranguen aínda a totalidade das actuacións previstas.

En consecuencia, pode afirmarse que o Plan permitiu consolidar un avance relevante no proceso de modernización da xestión provincial, pero non acadou integramente todos os fitos inicialmente previstos, especialmente naquelas actuacións que requirían desenvolvementos tecnolóxicos adicionais, contratación específica ou unha dedicación intensiva de medios persoais.

Debe sinalarse, ademais, que unha das causas principais que explican a execución só parcial dalgunhas medidas é a insuficiencia de medios persoais e organizativos dispoñibles. O persoal encargado de impulsar e executar estas actuacións de mellora e modernización é, ao mesmo tempo, o que asume a xestión ordinaria dos expedientes e procedementos administrativos. A elevada carga de traballo existente en numerosos postos e a necesidade de atender con carácter preferente as esixencias da xestión diaria constitúen obstáculos evidentes para o adecuado avance de proxectos desta natureza, que requiren continuidade, especialización e dedicación sostida.

Por iso, a experiencia derivada da execución do Plan de acción 2025 pon de manifesto que a consecución plena dos obxectivos de modernización esixe reforzar a dotación de medios e, na medida do posible, dispoñer de equipos especializados e multidisciplinares con dedicación suficiente á planificación, impulso e seguimento destas medidas. Isto permitiría unha mellor programación temporal, unha execución máis ordenada das actuacións e un maior grao de cumprimento efectivo dos obxectivos propostos.

En definitiva, a valoración global do Plan de acción 2025 debe ser favorable no que atinxe ao impulso efectivo da súa actuación principal e ao avance real na modernización da xestión, pero prudente no que respecta ao grao de cumprimento, dado que persisten actuacións relevantes pendentes de finalización ou de desenvolvemento efectivo, cuxa continuidade ou inicio, respectivamente, deberá executarse nos exercicios seguintes.

En Pontevedra,

Documento datado e asinado dixitalmente

